



AXUDAS AO EMPRENDEMENTO [2023]

Prazo aberto dende as 00:00 h
do día **6 de xullo** e ata o
29 de setembro de 2023



Persoas beneficiarias

Orzamento
7.000.000 €

Persoas traballadoras autónomas, pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e Centros Especiais de Emprego que, entre outros:

- ✓ Teñan domicilio fiscal en Galicia.
- ✓ Constituídas/dadas de alta e que iniciaran a súa actividade económica no período que transcorre **entre o 1 de xaneiro de 2021 ata a data de presentación da solicitude**.
- ✓ Teñan presentado, segundo corresponda, as **contas anuais do último ano** no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- ✓ Non obtivesen resolución favorable na convocatoria desta axuda no ano 2022.



Conceptos subvencionables

Os investimentos en propiedade **xa realizados e pagados** entre o 5 de novembro de 2022 e a data de solicitude, vinculados de xeito indubidable ao proxecto empresarial:

- ✓ Equipamento informático.
- ✓ Activos intangibles (sen materialización física ou financeira).
- ✓ Bens de equipamento e mobiliario.
- ✓ Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- ✓ Activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man se:
 1. Os activos se adquiren a unha persoa non relacionada coa persoa emprendedora (*).
 2. Consta declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos mesmos e de que non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
 3. Se acredita por taxador/a independente ou por empresa subministradora de bens da mesma tipoloxía que o prezo de compra non é superior ao valor de mercado de referencia.



* Non aplica se a persoa emprendedora continúa co negocio da empresa dun membro da familia da persoa propietaria inicial ou dun/ha empregado/a.





AXUDAS AO EMPRENDEMENTO [2023]



Intensidade dos apoios

30.000€
Axuda máxima

Para investimentos entre **5.000€ e 10.000€**

60%
do investimento

Para investimentos entre **10.001€ e 30.000€**

50%
do investimento

Para investimentos entre **30.001€ e 50.000€**

40%
do investimento

Para investimentos entre **50.001€ e 100.000€**

30%
do investimento



Documentación complementaria

Xunto coa solicitude **deberase** achegar a seguinte documentación:

- ✓ Poder suficiente da persoa representante no caso de actuar mediante representación.
- ✓ Facturas e o seu xustificante bancario de pagamento correspondente (**). As facturas presentadas terán un importe mínimo de 300€, IVE excluído.
- ✓ Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), no que debe figurar a data da alta, o domicilio fiscal e a localización do establecemento da actividade.
- ✓ Declaración responsable de **ter depositado no rexistro correspondente ou aprobadas pola Asemblea Xeral**, segundo corresponda, as contas anuais do último exercicio.
- ✓ Contrato ou documento de creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidades sen personalidade xurídica, segundo corresponda, onde conste a porcentaxe de participación das persoas socias ou comuneiros.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 2806|2023

- Pulsa para acceder -

** Para investimentos superiores a 15.000€ ou obras superiores a 40.000€ aínda non realizados no momento de publicación da convocatoria, deberá presentarse coa solicitude tres ofertas (con data previa ao compromiso de prestación) de diferentes empresas non vinculadas coa persoa solicitante.



A elección entre as ofertas atenderá a criterios de eficiencia e economía e deberase xustificar expresamente no anexo de solicitude cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.



Presentación da solicitude

- ✓ Só se presentará unha solicitude por persoa.
- ✓ De presentar máis dunha solicitude, só se terá en conta a última presentada, **agás que a primeira xa estea resolta.**

